

CONTRATO PROGRAMA XENÉTICA FONTAO, S.A. 2026-2027

Reunidos

Dunha parte M^a José Gómez Rodríguez, na súa condición de Conselleira do Medio Rural.

Doutra parte, JESÚS VÁZQUEZ PÉREZ, DNI Nº 33303154M, director xerente, que actúa en nome e representación de Xenética Fontao, S.A.

Expoñen:

Que Xenética Fontao, S.A. é unha sociedade mercantil pública autónoma constituída segundo o previsto no artigo 45.b) da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.

Xenética Fontao, S.A. foi constituída mediante Escritura pública de 26/03/1998, como sociedade mercantil pública coa forma de sociedade anónima, ten por obxecto a prestación de toda clase de asesoramento e servizos ás persoas e organizacións dedicadas á mellora xenética animal, tanto físicas como xurídicas, de dereito público ou privado.

Esta sociedade ten participación conxunta entre a Xunta de Galicia por medio do FOGGA (Fondo Galego de Garantía Agraria) no 80% do seu capital social e polas asociacións de gandeiros FEFRIGA (Federación Frisoa Galega) e ACRUGA (Asociación Nacional de Criadores de Gando Vacún Selecto da Raza Loura Galega) co outro 20% do capital.

Encárgase da xestión do Centro de Selección e Reprodución Animal de Galicia, que conta con 200 sementais na actualidade, de razas Holstein, Loura Galega, Branco Azul Belga, Angus e Limusin. A empresa conta tamén para acadar os seus obxectivos cos Laboratorios de Produción e Calidade do seme, Laboratorio de Xenética Molecular e Laboratorio de Fecundación "in Vitro".

Ademais dos obxectivos sociais derivados da súa natureza pública, a sociedade opera tamén no mercado de material reprodutivo bovino con carácter mercantil, perseguindo obxectivos comerciais e a xeración de ingresos que aporten solvencia e sostibilidade propia. A sociedade foi quen de autososterse cos recursos xerados pechando en positivo nos últimos 15 anos, perspectiva que espera manter.

Que este contrato programa establece os compromisos que ten que cumprir no eido do asesoramento e servizos ás persoas e organizacións dedicadas á mellora xenética animal e prevé compensacións por parte da Administración.

O contido deste contrato programa foi aprobado, en termos de proposta, polo Consello de Administración da entidade por Acordo de data 03 de marzo de 2026.

O Consello da Xunta de Galicia na súa reunión do día dezoito de maio de dous mil vinte e seis adoptou, entre outros, o seguinte Acordo: "Aprobar o contrato programa de Xenética Fontao, S.A. para os anos 2026 e 2027", polo que se lle da efectividade ao mesmo a través da súa sinatura entre a Consellería do Medio Rural e Xenética fontao, S.A.

Cláusulas

1. Obxecto:

O obxecto do presente contrato programa é establecer o marco de relacións entre Xenética Fontao, S.A. e a Xunta de Galicia e, polo tanto, determinar os compromisos de cada parte para a consecución da misión de Xenética Fontao, S.A. como entidade encargada do asesoramento e servizos ás persoas e organizacións dedicadas á mellora xenética animal, tanto físicas como xurídicas, de dereito público ou privado.

Plan Estratéxico de Galicia 2022-2030 (PEG 22-30), Eixo 3 – Competitividade e Crecemento, Prioridade de Actuación 3.5 – Aproveitar as potencialidades de Galicia cara a un sector primario moderno e competitivo:

1- Obxectivo Estratéxico 3.5.1 - Aumentar a rendibilidade e a competitividade dos sistemas produtivos das explotacións agro gandeiras e fomentar a súa modernización e diversificación ao tempo que se reduce a pegada da agricultura e gandería no eido medioambiental.

2- Obxectivo Estratéxico 3.5.4 – Potenciación da xestión sostible, eficiente e competitiva da pesca e a acuicultura que minimize os impactos do cambio climático e garanta o posicionamento actual do sector. Garantir a calidade e a seguridade alimentaria dos produtos do mar

2. Vixencia

A vixencia deste contrato programa comezará dende o día seguinte ao da súa aprobación polo Consello da Xunta de Galicia e estenderase ata o 31 de decembro de 2027

3. Obxectivos

Xenética Fontao, S.A. ten como obxectivos principais na prestación dos servizos públicos:

- A selección e mellora xenética de especies animais terrestres e acuícolas.
- O abastecemento de Material Xenético Reprodutivo Bovino para a Gandería de Carne e Leite de Galicia.
- A exportación de excedentes de capacidade de Producción a UE e países Terceiros
- A produción de embrións de Alta Xenética mediante tecnoloxías reprodutivas de “Fecundación in vitro (F.I.V)
- A realización de análises do ADN de especies terrestres e acuícolas enfocados a selección e mellora xenética.
- A execución das políticas sectoriais da consellería relativas a selección e mellora xenética animal terrestre e acuícola.

- Impulsar as accións necesarias para a prestación do mellor servizo as ganderías Galegas.

3.1. Obxectivos estratéxicos:

- (1) Produción de material reprodutivo de inseminación artificial e de embrións para a gandería de leite, carne e cruzamento industrial de Galicia principalmente e tamán para o resto do España, UE e terceiros países. Mediante a dotación os Laboratorios de Produción e Control da Calidade seminal e Laboratorio de Fecundación “in vitro” (F.I.V)
- (2) Manter un alto nivel de selección e mellora xenética buscando dispor dos mellores touros para propagar a mellora xenética mediante a I.A.. e posta a disposición nas mellores condicións posibles de dosis seminsi para a inseminación artificial, en especial no marco do Convenio do Frisón de Galicia.
- (3) Manter unha reserva xenética da maior calidade reproductiva, que garanta a autómia e non dependencia doutros mercados que poden verse afectados por condicións sanitarias ou produtivas adversas. XF debe conservar a capacidade de abastecer de seu as ganderías de Galicia. ante un hipotético caso de conflito, illamento ou peche sanitario do territorio Galego ou Español.
- (4) Dispor dun Laboratorio de Xenética Molecular o máis avanzado posible para multiplicar o progreso xenético mediante o uso de tecnoloxías da análise do ADN.
- (5) Dispor do “porfolio” de produtos reprodutivos máis completo posible: Semen Convencional, semen sexado hembra e sexado macho, embrións, análises do ADN.

3.2. Obxectivos operativos:

OBXECTIVOS OPERATIVOS
Abastecemento de doses para inseminación artificial. Xeración de actuais ou novas liñas xenéticas mediante a fecundación “in Vitro”.
Incorporación de xenética élite a sociedade. Manter unha reserva xenética de cara a produción de leite e carne tanto en sementais coma en dosis almacenadas.
Procesado e análises de ADN Diversificación dos Análises de ADN
Diversificación de produtos reprodutivos en función da demanda do mercado

4. Indicadores

INDICADORES
Nº de dosis producidas.
Nº de embrións producidos.
Nº de Touros adquiridos
Nº de análise de ADN realizados
Nº de Touros mantidos en XF
Nº de dosis almacenadas
Nº de mostras analizadas de especies de animais terrestres
Nº de mostras analizadas de acuicultura
Produtos en mercado de que dispon XF

TABLA DE OBXECTIVOS ESTRATÉXICO, OPERATIVOS E INDICADORES

OBXECTIVOS ESTRATÉXICOS	OBXECTIVOS OPERATIVOS	INDICADORES	Valor de referencia 2024	Valor 2025	Valor 2026	Valor 2027
Producción de material reproductivo de inseminación artificial e de embrións para a gandería de leite, carne e cruzamento industrial de Galicia principalmente e tamén para o resto do España, UE e terceiros países. Mediante a dotación os laboratorios de control da calidade seminal e laboratorio de Fecundación "in vitro" (F.I.V)	Producción de dosis seminales totales.	Nº de dosis producidas.	566.000	573.000	580.000	600.000
		Nº de dosis de semen convencional.	526.000	530.000	535.000	550.000
		Nº de dosis de semen sexado.	40.000	43.000	45.000	50.000
		Nº de dosis exportadas.	100.000	110.000	120.000	130.000
	Exportacións de material reproductivo para I.A.	Nº de análises exportadas.	20.000	22.000	24.000	26.000
		Nº de	2.000	2.100	2.200	2.300

	Producción de embrións.	embrións producidos				
Manter un alto nivel de selección e mellora xenética buscando dispor dos mellores touros para propagar a mellora xenética mediante a I.A.	Incorporación de xenética élite a sociedade.	Nº de Touros élite adquiridos/ano conforme al Convenio del Frisón de Galicia o superior.	40 touros	40 touros	40 touros	40 touros
Manter unha reserva xenética da maior calidade reproductiva, que garanta a autonomía e non dependencia doutros mercados que poden verse afectados por condicións sanitarias ou produtivas adversas. XF debe conservar a capacidade de abastecer de seu as ganderías de Galicia. ante un hipotético caso de illamento ou peche sanitario do territorio Galego ou Español.	Manter unha reserva xenética de cara a produción de leite e carne.	Nº de touros incorporados a XF procedentes de F.I.V.	10 Touros	12 Touros	14 Touros	16 Touros
		Nº de análises de ADN realizadas para a busca dos mellores sementales Frisóns posibles.	1.000 análises prospectivos del ADN de sementales candidatos.	1.100 análises prospectivos del ADN de sementales candidatos.	1.200 análises prospectivos del ADN de sementales candidatos.	1.300 análises prospectivos del ADN de sementales candidatos.
		Nº de Touros mantidos en XF.	180 Touros	180 Touros	180 Touros	180 Touros
		Nº de dosis almacenadas	250.000 Dosis	275.000 Dosis	300.000 Dosis	320.000 Dosis
Dispor dun Laboratorio de Xenética Molecular o máis avanzado posible para multiplicar o progreso xenético mediante o uso de tecnoloxías da análise do ADN.	Analises de ADN	Número de mostras realizadas de especies de animais Terrestres	140.000	143.000	146.000	150.000
	Diversificación dos Analises de ADN realizados	Número de mostras analizadas de acuicultura.	20.000	22.000	24.000	26.000

Dispor do “portfolio” de produtos reprodutivos máis completo posible: Semen Convencional, semen sexado hembra e sexado macho, embrións, análises do ADN.	Diversificación de produto reprodutivo en función da demanda do mercado	Tipos de produtos en mercado y de cuales dispone XF	Semen Convencional.	SI	SI	SI
			Semen Alta concentración	SI	SI	SI
			Semen sexado Macho.	SI	SI	SI
			Semen sexado hembra	SI	SI	SI
			Embriones	SI	SI	SI
			Análises do ADN	SI	SI	SI

O número de touros élite trátase dun indicador de mantemento, posto que vén determinado pola aplicación dun convenio de colaboración.

O número de touros mantidos en Xenética Fontao, S.A. trátase dun indicador de mantemento, posto que ten en conta o censo medio, o cal depende das adquisicións e sacrificios que se poidan producir.

5. Marco económico-financieiro

- Recursos e gastos previstos

a) Ingresos.

Ingresos	2025	2026	2027
III. Taxas, prezos e outros ingresos	5.091.575	5.241.810	5.333.907
IV. Transferencias correntes	0	150.000	150.000
V. Ingresos patrimoniais	4.191	6.523	6.588
VI. Alleamento de inversións reais	11.859	0	0
VII. Transferencias de capital	300.300	0	0
VIII. Activos financeiros	0	0	0
IX. Pasivos financeiros	0	0	0
	5.407.925	5.398.333	5.490.495

b)Gasto.

Gastos	2025	2026	2027
<i>I. Gastos de persoal</i>	1.361.562	1.314.622	1.334.341
<i>II. Gastos correntes en bens e servizos</i>	3.542.598	3.656.265	3.724.089
<i>III. Gastos financeiros</i>	0	0	0
<i>IV. Transferencias correntes</i>	0	0	0
<i>VI. Investimentos reais</i>	384.962	334.250	342.606
<i>VII. Transferencias de capital</i>			
<i>VIII. Activos financeiros</i>	4.676	7.750	7.847
<i>IX. Pasivos financeiros</i>	0	0	0
	5.293.798	5.312.887	5.408.883

Respecto ao marco orzamentario, as dotacións previstas no contrato programa quedan supeditadas ao que se estableza nas leis de Orzamentos xerais da comunidade autónoma para cada unha das anualidades, polo que estas dotacións considéranse indicativas.

- Hipótese macroeconómica en que se basean as previsións

PAIF ANUAL

- Mecanismos de retorno en caso de resultados positivos
TESORERIA.

- Procedemento para a cobertura de hipotéticos déficits

- (1) De producirse déficit derivado do incumprimento das estimacións de ingresos, este tratará de corrixirse, de acordo coas circunstancias e necesidades vixentes en cada momento e na medida do posible, mediante a minoración dos gastos de Xenética Fontao, S.A. que esta considere máis axeitados de acordo cos obxectivos asignados a sociedade a alcanzar.
- (2) Remitirase ao Consello de Administración un informe explicativo das causas das desviacións na estimación de ingresos, das previsións de que o dito déficit poida repetirse nos exercicios seguintes e do impacto que puidesen ter na consecución dos obxectivos programados, así como, se é o caso, das necesarias modificacións que como consecuencia dos devanditos déficits deban introducirse no contrato programa e o alcance destas.

6. Compromisos das partes

Por parte da ADMINISTRACIÓN:

- A provisión dos recursos orzamentarios necesarios para a consecución dos obxectivos de Xenética Fontao, S.A., segundo o establecido no contrato programa, e recollidos nas leis de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para cada ano.

Por parte da ENTIDADE:

- Acadar o cumprimento de obxectivos de conformidade co establecido no contrato programa cos recursos asignados.
- Actuar como medio propio e servizo técnico da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e dos poderes adjudicadores dependentes dela, polo que está obrigada a realizar os traballos que aquela ou estes lle encomenden.

7. Criterios e mecanismos de responsabilidade do persoal directivo

Xenética Fontao, S.A. adecuará a súa actuación ao presente contrato programa, de conformidade cos obxectivos e accións detalladas, durante o período que corresponde á vixencia do contrato.

Para avaliar o súa efectividade, establécense unha serie de obxectivos estratéxicos e operativos cuxa consecución se cuantifica a través dun número finito de indicadores, de tal forma que se entenderá que Xenética Fontao, S.A. desenvolveu con éxito o contrato programa se, polo menos, cumpre o 75% dos seus obxectivos estratéxicos.

Acádase un obxectivo estratéxico cando se obtén un resultado favorable, como mínimo, no 60% dos obxectivos operativos que forman parte do obxectivo estratéxico.

Os indicadores recollidos na cláusula cuarta son a ferramenta a utilizar para avaliar o cumprimento dos obxectivos operativos, e será necesario acadar o valor estándar destes, polo menos, no 50% do conxunto de indicadores asociados a cada un dos obxectivos.

O persoal directivo de Xenética Fontao, S.A. ao que se refire o “CADRO” aprobado de XF, estará suxeito a esixencias de responsabilidade por incumprimento dos obxectivos.

Existirá responsabilidade do persoal directivo responsable cando a porcentaxe de obxectivos incumpridos exceda do 50% do total de obxectivos correspondentes á súa área de actividade.

Para os efectos anteriores, non se terán en conta os indicadores asociados a obxectivos específicos ou actuacións que se cancelen ou non se leven a cabo por causas independentes da vontade e actividade de Xenética Fontao, S.A.



En caso de incumprimento, o Consello de Administración, por iniciativa propia ou por proposta da Dirección, e logo de analizar o conxunto de indicadores que non acadaron o valor de responsabilidade antedito, poderá apercibir formalmente aos directores/as das correspondentes áreas.

En último termo, se durante tres exercicios consecutivos se produce o apercibimento dalgún membro do equipo directivo, o Consello de Administración poderá aprobar o seu cesamento, sen prexuízo da concorrencia doutras circunstancias que xustifiquen tal medida.

Por outro lado, no caso de que se acade ou supere o valor estándar do 80% dos indicadores relativos aos obxectivos operativos asociados a cada área de Xenética Fontao, S.A., de conformidade co previsto no presente contrato programa, as respectivas áreas poderán ser beneficiarias das medidas de recoñecemento que o Consello de Administración considere axeitadas e de conformidade coa normativa vixente que resulte de aplicación.

8. Procedemento para a introdución de modificacións ou adaptacións

As modificacións ou axustes para corrixir eventuais desviacións entre o planificado e o executado, sempre que non afecten á estrutura do contrato programa, serán aprobadas polo Consello de Administración.

Entenderase que as modificacións afectan á estrutura do contrato programa nos seguintes casos:

- Os orzamentos da Xunta de Galicia non dotasen a Xenética Fontao, S.A. da financiación prevista neste contrato programa.
- A eliminación, modificación ou introdución de novos obxectivos estratéxicos e/ou operativos.
- A variación da contía dos valores dos indicadores en máis dun 40% do valor fixado. (sexa un valor numérico ou temporal)

Nestes supostos, procederá a aprobación por parte do Consello da Xunta dun novo contrato programa.

9. Comisión de seguimento e control

Constitúese unha comisión de seguimento e control, que estará integrada por un representante de Xenética Fontao, S.A., un representante da consellería de adscrición, un representante da consellería competente en materia de orzamentos, e un representante da consellería competente en materia de simplificación administrativa.

Exercerá a presidencia da comisión a persoa representante da consellería competente en materia de orzamentos.

As funcións de secretaría serán exercidas pola persoa integrante da comisión representante de Xenética Fontao, S.A.

Esta comisión de seguimento e control elaborará anualmente un informe de avaliación global do cumprimento do contrato programa, coas propostas de adaptación dos compromisos para o ano seguinte se fose necesario.

Así mesmo, antes do final do período de vixencia do contrato programa a comisión elaborará un informe global sobre o seu grao de cumprimento e propoñerá as modificacións e adaptacións necesarias para a súa revisión e renovación.

Para o correcto exercicio das súas funcións, a comisión de seguimento e control reunirase trimestralmente e sempre que un dos seus membros o solicite. A programación das reunións farase de forma que permita facer o seguimento do peche e o inicio do Exercicio económico da empresa.

10. Marco de recursos humanos

Segundo os últimos datos dispoñibles esta entidade conta cunha dotación de recursos humanos de 31 persoas traballadoras, sendo o último cadro autorizado (do 27. 02. 2025):

717 – Entidade: **XENÉTICA FONTAO, S.A.**
Clasificación: Grupo III (Orde do 8 de xuño de 2012 – DOG nº 112, do 13 de xuño)

Liña orzam	Tipo Contrato	Denominación do Posto	Grupo/ Nivel	Postos	S. Base Anual	Complem.	Total unitario	TOTAL
PERSOAL DIRECTIVO								
2999	AD	Director /a xerente	III-1	1	66.122,40	---	66.122,40	66.122,40
PERSOAL NON DIRECTIVO								
3000	Laboral	XEFE/A ÁREA		2	49.905,94	4.199,40	54.105,34	108.210,68
3003	Laboral	VETERINARIO/A SECCIÓN REPRODUCCIÓN		1	43.006,18	4.115,88	47.122,06	47.122,06
3007	Laboral	XEFE/A DE EXPLOTACIÓN		2	24.081,68	1.187,28	25.268,96	50.537,92
3009	Laboral	OFICIAL/A 2ª PEÓN/A		4	19.554,64	1.187,28	20.741,92	82.967,68
3018	Laboral	AUXILIAR LABORATORIO		5	19.554,64	1.187,28	20.741,92	103.709,60
3019	Laboral	ANTIGÜIDADE		0	44.339,68	-	44.339,68	44.339,68
3302	Laboral	VETERINARIO/A SECCIÓN XENÉTICA		1	39.758,46	4.115,88	43.874,34	43.874,34
3303	Laboral	VETERINARIO/A		3	30.952,46	4.013,40	34.965,86	104.897,58
3310	Laboral	AUXILIAR ADMINISTRATIVO/ A		1	19.554,64	1.187,28	20.741,92	20.741,92
4321	Laboral	VETERINARIO/A BIÓLOGOS GRUPO I		4	30.952,46	4.013,40	34.965,86	139.863,44
4546	Laboral	ANALISTA LABORATRIO		6	24.081,68	1.187,28	25.268,96	151.613,76
4897	Laboral	OFICIAL 2ª PEÓN/A (SENTENZA)		1	19.554,64	1.187,28	20.741,92	20.741,92
Total				31				984.742,98

Así mesmo a última actualización da masa salarial comunicada pola Subdirección Xeral de Custos de Persoal para 2026 é a seguinte:

POPAIF 2026											
Entida de	Subti po	Gru po	Niv el	Liñ a	Descrición	Efectiv os	SOLDO	TRIENIOS	PAGA EXTRA	OUTROS COMP.	TOTAL RETR.
				29	DIRECTOR/A						
717	D	3.1	SN	99	XERENTE	1	69.129,24	0	0	0	69.129,24
				45	ANALISTA				17.983,4		
717		SG	SN	46	LABORATRIO AUXILIAR	5	107.900,40	0	0	6.207,00	132.090,80
				33	ADMINISTRATIVO/						
717		SG	SN	10	A	1	17.523,24	0	2.920,54	1.241,40	21.685,18
				30	AUXILIAR				17.523,2		
717		SG	SN	18	LABORATORIO	6	105.139,44	0	4	7.448,40	130.111,08
				30	OFICIAL/A 2ª				11.682,1		
717		SG	SN	09	PEÓN/A	4	70.092,96	0	6	4.965,60	86.740,72
					OFICIAL/A 2ª						
				48	PEÓN/A						
717		SG	SN	97	(SENTENZA)	1	17.523,24	0	2.920,54	1.241,40	21.685,18
				33					13.868,5	12.587,7	
717		SG	SN	03	VETERINARIO/A	3	83.211,48	0	8	6	109.667,82
				43	VETERINARIO/A				18.491,4	16.783,6	
717		SG	SN	21	BIÓLOGOS GRUPO I	4	110.948,64	0	4	8	146.223,76
					VETERINARIO/A						
				30	SECCIÓN						
717		SG	SN	03	REPRODUCCIÓN	1	38.538,72	0	6.423,12	4.303,08	49.264,92
				33	VETERINARIO/A						
717		SG	SN	02	SECCIÓN XENÉTICA	1	35.628,60	0	5.938,10	4.303,08	45.869,78
				30	XEFE/A DE						
717		SG	SN	07	EXPLOTACIÓN	2	43.160,16	0	7.193,36	2.482,80	52.836,32
				30					14.907,2		
717		SG	SN	00	XEFE/A ÁREA	2	89.443,44	0	4	8.780,88	113.131,56
				30							
717				19	ANTIGÜIDADE			46.356,02			46.356,02
TOTAL										1.024.792,38	

A capacidade de fabricación de material reproductivo e analíticas de ADN sustentase nas seguintes unidades:

1-Centro de Inseminación Artificial.

- Explotación Gandeira: Donde se manexa actualmente unhas 200 sementales elite.
- Laboratorio de Producción e Calidade do Semén: Onde se elaboran unhas 700.000 dosis de semen o ano.
- Laboratorio de semen Sexado: Mediante servizo prestado por la empresa INGURAN LL/c - Sexing Technologies. Que elabora máis de 40.000 dosis / ano.

- Banco de Semen: Onde se almacenan as dosis seminais producidas en criogenia. Con capacidade de almacenar máis de 500.000 dosis.

2-Laboratorio de Fecundación “in Vitro”.

- Adicado a produción de embrións de alta xenética.

3-Laboratorio de Xenética Molecular.

- Unidade de análise do ADN mediante SNP’s.
- Unidade de análise de secuencias de ADN- Unidade de Xenómica.

4-Xerencia.

Sinaturas:

O director Xerente de Xenética Fontao, S.A.

A Conselleira do Medio Rural.

Jesús Vázquez Pérez

M^a José Gómez Rodríguez

